

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo, e da calidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE209G).

BDNS (Identif.): 494675.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as confrarías de pescadores de Galicia que desenvolvan un proxecto colectivo que modernice as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras, e da calidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca.

Segundo. *Finalidade*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras xerais para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos que modernicen as infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo das persoas pescadoras, e da calidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca.

Tamén é obxecto desta orde convocar as axudas para o ano 2020 de acordo coas bases reguladoras.



Terceiro. Bases reguladoras

Orde do 23 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2020, para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da seguridade e as condicións de traballo, e da calidade dos produtos desembarcados da pesca, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (FEMP) e tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento PE209G).

Cuarto. Importe

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2020 e plurianualidade asociada alcanza o importe de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00 euros), repartidos nas seguintes anualidades e partida orzamentaria:

Partida orzamentaria	Ano 2020	Ano 2021	Total
15.03.514A.781.0	1.400.000,00 €	1.100.000,00 €	2.500.000,00 €

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2019

María Isabel Concheiro Rodríguez-Segade
Secretaría xeral técnica da Consellería do Mar

